

Ciencias da Comunicación acolle 'Outros xornalismos'

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

[04/07/2005 13:04] Dende o 11 de xullo e ata o 13 do mesmo mes a [Facultade de Ciencias da Comunicación](#) de Santiago será o epicentro do debate sobre a literatura e o xornalismo grazas ao curso de verán *Outros xornalismos, outras literaturas*, que dende o martes 11 se desenvolverá nas súas instalacións.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no directorio de Vieiros as páxinas sobre:

- [Universidade](#)
- [Recursos para estudantes](#)

Baixo a dirección do profesor Xosé Antón Neira Cruz inaugurarase este curso de verán coa conferencia *Xornalismo literario en Galiza*, que pronunciará o director do [Instituto Cervantes](#), César Antonio Molina. De seguido será a quenda de Anjel Lertxundi, correspondente de [Euskaltzaindia](#) e premio Euscadi de Literatura 1999, que falará arredor das *Pontes entre o xornalismo e a literatura*. Como peche a esta primeira xornada do curso unha *performance* poético-xornalística protagonizada por Antón Lopo, Ana Romani, Lupe Gómez, María do Cebreiro e Fran Alonso.

Para o 12 de xullo o curso contará coa presenza de Manuel Ángel Vázquez, catedrático de Ciencias da Información na [Universidade sevillana](#), que falará sobre *A presenza da literatura na prensa española actual* e logo o escritor Suso de Toro profundizará sobre *Escribir nas páxinas dos xornais*. A *performance* de peche para esta segunda xornada consistirá na narración oral a cargo de Paula Carballeira e Chiqui Pereira.

A xornada de clausura do curso vaina abrir Albert Chillón, profesor de Ciencias da Comunicación na [Universidade Autónoma de Barcelona](#), con *Novos xornalismos, novas literaturas* e a continuación o Premio Blanco Torres de 2004, Bieito Iglesias, disertará sobre *Relatos diarios*. O grupo de pandeireteiras e cantareiras Leilía encargárase de poñerlle o punto final a este curso, que contará en cada unha das tres xornadas coas súas correspondentes mesas redondas: *Literatura na prensa, Novos xornalismos, novos xornalistas en Galiza* e *Weblogs en GALiza, novas canles para o xornalismo e para a literatura*.

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [De veras queremos que a USC sexa unha empresa? As palabras e os feitos](#)
- ❑ [A Resaca das Letras premia a Galipedia como mellor sitio web en galego](#)
- ❑ [Andrea Costas: "O meu xeito de traballar é dende o contido, dende a esencia e de aí xurde a forma."](#)
- ❑ [Transgresoras en Belas Artes](#)
- ❑ [III Resaca das Letras en Pontevedra](#)
- ❑ [Precarios informa os actuais e futuros investigadores](#)
- ❑ [Marcos Pérez presenta a súa tese sobre prensa e transición](#)
- ❑ [O terceiro candidato a reitor: o Xabarín](#)
- ❑ [O actual reitor presenta as 'súas' claves para a renovación](#)
- ❑ [Senén Barro xa é bloqueiro](#)